

4º BUDIÑORAID 2018

BAIXO MIÑO

SÁBADO 27 OUTUBRO

5ª PROBA da LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN e CAMPIONATO GALEGO 2018

colaboran:

Tomino
CONCELLO



información:
www.fegado.es
www.aforna.org

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

organiza:



Pre-Breafing

Pasámosvos a seguinte información de carreira o Xoves antes da celebración da mesma de xeito a que vos dé tempo a ultimar tanto a estratexia dos vosos equipos como a que teñades todo controlado a nivel de material e transicións.

SECRETARÍA e BOXES BTT (todas as categorías)

É obligatorio que asistades **todos os equipos O COMPLETO** (todos os compoñentes) xa que se vos fixarán as pinzas SI con pulseiras inviolables individualmente.

Serán ambos na **PRAZA DO CONCELLO do ROSAL** de **07:00 a 08:30**. Achegádevos o antes posible xa que tedes que desprazarvos despois ata os puntos de Saída antes das 09:00 (hora a que serán os Breaifings).

Todos os equipos tedes que deixar as vosas **BTT's, atadas** cos candados entre elas, **no voso respectivo BOX** entre as **07:00 e 08:30**. Non se permitirá que ningún equipo achegue a súa BTT fóra de este horario. **Os equipos élite** teñen que deixar **tamén as súas caixas**. No bolsa do equipo que se vos dará coa documentación teredes 2 sacos impermeable para que aseguredes a estanqueidade das vosas pertenzas (podedes deixar cascos e calas).

Os **equipos Aventura e Orienta-Raid de 2 compoñentes** que necesiten que a organización lle faga a asistencia teñen que deixarnos a súa **caixa na furgó** disposta a tal fin que se atopará na citada praza. En esa mesma furgó tedes que deixarnos **as Pás** os equipos que queirades que volas acerquemos ó inicio do Kaiak. (unha vez saíades do kaiak tedes que portalas vos mesmos ata a transición)

BREAIFINGS e SAÍDAS.

Para **Élite e Aventura** serán na **PRAZA DO CONCELLO de TOMIÑO**, as **09:00 e 09:30** respectivamente. Tedes un amplo aparcadoiro a 200 m. ó Sur da mesma, onde o Ximnasio.

Para **Orienta-Raid** serán na **FORTALEZA DE GOIÁN**, as **09:00 e 09:30** respectivamente. Tedes un amplo aparcadoiro a 200 m. ó Norte da mesma, onde o antigo Ferri.

Sector 1_ TREKKING 1 (1ª parte ate a Proba Especial) (Só Éite e Aventura)

- Sector en **LIÑAL**, tedes que coller as balizas na orde indicada no mapa.
- Xusto na Saída tedes que atravesar unha Estrada Provincial, a pesar de que vai estar Protección Civil extremade a precaución.
- Paso Obligatorio en Estrada Provincial con tráfico aberto, extremade a precaución.
- Paso Obligatorio BAIXO Estrada Autonómica, hai que pasar polo río si ou si.
- Paso Obligatorio baixo Estrada Autonómica, hai dous camiños.
- O chegar a Proba Especial tedes que picar a Baliza 9, pero **NON EXISTE a Baliza 10** reflexada no Mapa e Raid Book o rematar a mesma.

Proba Especial (Sector 1 para Orienta-Raid)

- MiniSector en **SCORE**, podedes coller as balizas na orde que queirades.
- En este mini sector (dentro do Sector 1 para Élite e Aventura) todas as **Balizas son de Picada tradicional con PINZA**. A **tarxeta de picado** seravos entregada **na bolsa de equipo** que recibiredes na Secretaría a primeira hora. Tedes que lembravos de portala con vós dende a Saída ata a transición de descarga das pinzas SI situada tras o Sector de Kaiak na Praza do Concello do Rosal. Esta tarxeta non está plastificada, co cal tedes que aseguravos de que non se molle nin se rompa!!.
- Lembrade que para facervos cos 3 Puntos que vale esta Proba Especial tedes que facervos con 15 minipuntos (10 para Orienta-Raid) entre as distintas probas e disciplinas que teredes na Fortaleza.
- Para chegar a todas as Balizas de memoria deste mini sector só vos podedes axudar dos distintos mapas grafiados en lona que vai haber na zona. O primeiro e principal de estes estará situado na parede de formigón que arranca en dirección Noroeste dende a Baliza 9 (Punto de Saída do Raid para categoría Orienta-Raid)
- Unha vez teñades obtido os 15 minipuntos que vale esta proba podedes continuar o Sector 1 ate a T1 directamente, lembrade que **non existe a Baliza 10 alí físicamente**. (Élite e Aventura). A categoría Orienta-Raid sí ten que pasar pola Baliza 9, a súa saída e meta do seu sector 1, para recoller os mapas do resto do Trekking que será o seu Sector 2.
- Lembrade que Élite e Aventura non podedes facer asistencia de ningún tipo en este punto.

Sector 1_ TREKKING 1 (2ª parte dende a Proba Especial ate o Kaiak) (Sector2 Orienta-Raid).

- Sector en **LIÑAL**, tedes que coller as balizas na orde indicada no mapa.
- **A Baliza 11 NON ESTÁ NA ILLA Morraceira, está no CRUCE DE CAMIÑO e SENDEIRO** que está xusto o NorOeste de onde está indicada no mapa, no borde do círculo vermello.



- Existen varios Pasos Obligatorios para poder chegar e saír da Baliza 12, Olla !!!

Sector 2_ KAIK (Sector 3 de Orienta Raid)

- Sector en **SCORE**, podedes coller as balizas na orde que queirades.
- Na transición de acceso ó Kaiak é onde os equipos de Orienta-Raid de 2 compoñentes van a ter a súa caixa por primeira vez (non a teñen o acabar a Proba Especial). Aquí van a estar tamén as Pás do equipos que nola deixaran antes da saída.
- **Olo! Cambio importante con respecto o publicado non Boletíns anteriores... O terceiro compoñente dos equipos Élite só ten que picar xunto os seus compañeiros as Balizas que están na Beira do Río, NON TEN QUE PASAR A NINGUNHA DAS ILLAS!!!** Estas son as **Balizas 20 e 21** (fin kaiak). **Recordade que estas balizas tedes que picalas os 3 compoñentes xuntos**, que ningún corredor se vaia da Baliza 20 antes de chegar o seu kaiak.
- **Olo! Segundo Cambio importante... Queda ANULADA a Baliza 17** por seguridade!! (para Élite e Aventura, Orienta-Raid xa non a tiña).
- Recordade que o abandonar o Kaiak na Baliza 21 tedes que subilo á explanda que hai ó Leste. De ahí ata a transición tedes que portar as vosas palas os equipos que levedes palas propias!
- Olo ás **estradas prohibidas e pasos obligatorios!!** Tanto o terceiro corredor de Élite (ten que pasar baixo as pontes) como todos no acceso ó Casco Urbano do Rosal.
- Lembra que ó final de este sector, **na Transición do Rosal hai unha hora de Peche** así como unha **Hora Máxima de Inicio** do **seguinte sector de BTT** que son as seguintes:

13:45 e 14:15 respectivamente para **Orienta-Raid**.

14:30 e 15:00 respectivamente para **Élite e Aventura**.

Sector 3_ BTT1 (Sector 4 de Orienta Raid)

- Sector en **SCORE**, podedes coller as balizas na orde que queirades.
- Olo ás **estradas prohibidas e pasos obligatorios!!**
- **Na chegada á Transición no final deste sector tedes que entrar polo paso balizado ata o mirador onde deixaredes as btt's.** (Élite non ten asistencia en este punto!)

Olo os coches dos asistentes de Aventura e Orienta-Raid xa que non debedes invadir esta zona balizada baixo ningún concepto!

Sector 4_TREKKING 2 (Sector 5 de Orienta Raid)

- Sector en **SCORE**, podedes coller as balizas na orde que queirades.
- **Na Saída e chegada á Transición (no mesmo lugar) tedes que saír e entrar polo paso balizado ata o mirador.** (Élite non ten asistencia en este punto!)

Olo os coches dos asistentes de Aventura e Orienta-Raid xa que non debedes invadir esta zona balizada baixo ningún concepto!

- **Moi, moi recomendable Polainas** en este sector!
- **Olo chaleco reflectante e luces encendidas unha vez caia a noite!!**
- Lembra que ó final de este sector **Orienta-Raid ten a segunda hora de Peche** así como unha **Hora Máxima de Inicio** do **seguinte sector de BTT** que son as seguintes:

18:00 e 18:30 respectivamente para **Orienta-Raid**.

Sector 5_BTT 2 (Sector 6 de Orienta Raid)

- Sector en **LIÑAL**, tedes que coller as balizas na orde indicada no mapa.
- **Na Saída da Transición tedes que saír polo paso balizado dende o mirador.**

Olo os coches dos asistentes de Aventura e Orienta-Raid xa que non debedes invadir esta zona balizada baixo ningún concepto!

- **Numerosos Pasos Obligatorios** na Estrada Principal que atravesa o mapa. **Olo á hora de Peche de Meta.**
- **Olo chaleco reflectante e luces encendidas unha vez caia a noite!!**

Sector 6_ORI-URBANA (Sector 7 de Orienta Raid)

- Sector en **SCORE**, podedes coller as balizas na orde que queirades.
- **Olo as Normas de Circulación de Peóns no Casco Urbano!!**
- **Olo chaleco reflectante e luces encendidas unha vez caia a noite!!**
- Lembra que a **HORA de PECHÉ de META do Raid** é as **19:30** para todas as categorías.

FINAL DE CARREIRA

- Finalmente as duchas de final de carreira serán no **PAVILLÓN MUNICIPAL** situado na Saída Leste de Tomiño, a aproximadamente 1 Km do casco urbano.
- Os equipos de Orienta-Raid de 2 compoñentes terán un vehículo da organización que os levará ata a Fortaleza de Goián unha vez terminada a proba para recoller o seu vehículo.
- A cerimonia de **ENTREGA de PREMIOS**, así como os **PINCHOS** final de carreira, serán no Salón da primeira planta do **Hotel NOVA COLINA** sito na propia praza do Concello de Tomiño ás **20:00**.

Debido a este importante colaboración do Hotel invitámosvos a que as cervexas final de carreira se consuman no propio establecemento.

VÉMONOS O SÁBADO XENTIÑA!!!